

# PROGRAMA FIN DE SEMANA EN PORTUGAL

Como ben sabedes, este ano temos programado unha saída en outubro de fin de semana a Portugal para visitar as Pasarelas del Paiva, pois ben, este será o programa:

**Venres, 12 de outubro:** Saída ás 7,00 h. da mañá da Estación de Autobuses de Burela con dirección a Oporto (423 quilómetros, 4 horas e media, aproximadamente), despois das paradas de rigor no camiño para tomar café e visitar a Roca, chegaremos a Oporto, alí será o día por libre, cada quen pode facer o que lle apeteza, e a comida tamén será por libre. As 19,00 h. (hora portuguesa) colleremos de novo o autobús que nos levará ata o hotel Golden Tulip (4 estrelas) en Sao Joao da Madeira (44 quilómetros, 1 hora máis ou menos). Despois do reparto de habitacións e de asearnos un pouco iremos cear todos xuntos no Restaurante Ponto Zero, situado no mesmo pobo, o remate da cea daremos un paseo e iremos para o hotel a descansar.

**Sábado 13 de outubro:** Despois do desaiuno, sobre as 9,00 h. da mañá colleremos o autobús que nos levará ata as Pasarelas del Paiva (47 quilómetros, sobre 1 hora), faremos a ruta empezando en Espiunca e remataremos en Areinho (8,7 quilómetros, dificultade media, 2 horas e media aproximadamente de ruta), en Areinho colleremos de novo o autobús que nos levara ata o Restaurante Assembleia en Arouca (58 quilómetros, aproximadamente 1 hora) donde comeremos todos xuntos e o remate voltaremos hacia Burela (475 quilómetros, 5 horas máis ou menos), facendo paradas polo camiño que o ser domingo o día seguinte non temos tanta presa.

O prezo da viaxe sale en 110,00 € por persoa pero a Asociación subvenciona os socios con parte do importe total, polo tanto o prezo final para os socios é de 75,00 € por persoa e de 110,00 € por persoa para os que non son socios, isto inclúe: autobús, cea de venres, hotel de 4 estrelas, desaiuno, comida do sábado e seguro, quedando por conta de cada un a comida do venres en Oporto.

Por motivo de reservas tanto de entradas como de hotel e restaurantes hai que anotarse con bastante antelación, polo tanto a fecha tope para anotarse será o **venres 14 de setembro, (ou ata rematar as prazas dispoñibles)** a partir desta data non se poderá anotar a nadie, e no momento de anotarse hai que abonar o 50% do importe total, o resto pagarase no autobús ese mesmo día, e hai que dar todos os datos ou sexa: nome e apelidos, D.N.I., dirección, teléfono, etc. Como sempre para anotarse en Gráficas Arfe. **Hai prazas limitadas (en principio 50)**, respétase rigorosamente a orde de anotación.

Nesta ocasión non se van a mandar cartas os socios, polo tanto si fas o favor comentallo a todos os que che pareza que lles pode interesar esta viaxe.

Unha aperta.